

## REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

### Acta número 33, de 22 decembro de 2021

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase presencialmente e a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. A sesión é gravada.

DATA: 22 de decembro de 2021

HORA DE COMEZO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 13:45 h.

#### ASISTENTES

Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)  
Ana María Brao Viña (PAS)  
Caldeiro Pedreira, M<sup>o</sup> Carmen (PDI)  
Fátima Fernández García (Estudante)  
López Rúa, Paula (PDI)  
Muñoz Carril, Pablo César (PDI)  
Poncet Souto, Marta M<sup>a</sup> (PDI)  
Romero Castro, María José (PDI)  
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

#### XUSTIFICA AUSENCIA

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

#### Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informe sobre a auditoria interna para a acreditación institucional: reflexión, análise e acordos a tomar.
3. Informe das coordinacións de título do grao en mestre/a de Educación Infantil e mestre/a do grao en Educación Primaria sobre a marcha do curso no primeiro semestre: reflexión, análise e acordos a tomar.
4. Informe sobre as vacantes a cubrir nas Comisións da Xunta de Facultade, coordinacións de curso e TFG: análise da situación e acordos a tomar.
5. Análise do informe de execución do Plan FORTE no curso 2020-21: revisión da eficacia e proposta de accións de mellora.

6. Análise dos informes de seguimento do curso 2019-20: revisión das accións abertas (curso 2020-21) e proposta de accións (novas e de continuidade) para o curso 2021-22.
7. Participación dos grupos de interese nos órganos de goberno: reflexións e acordos a tomar.
8. Rolda aberta de intervencións.

## **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores**

Sométese a aprobación a acta número 29. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

Sométese a aprobación a acta número 30. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

Sométese a aprobación a acta número 31. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

Sométese a aprobación a acta número 32. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

## **2. Informe sobre a auditoría interna para a acreditación institucional: reflexión, análise e acordos a tomar**

A presidenta dá conta do contido do informe da auditoría interna para a acreditación institucional da Facultade de Formación do Profesorado, enviado previamente aos membros da Comisión de Calidade.

A presidenta abre unha rolda de intervencións para a reflexión e debate por parte dos membros da Comisión de Calidade, e para decidir sobre concorrer ao proceso de acreditación previsto para o mes de xaneiro de 2022.

O profesor Pablo Muñoz Carril concorda co informe da auditoría en que un punto feble do Centro é a organización e o arquivo da documentación interna e di que sería necesario que a Comisión determinase un espazo onde archivar os documentos internos do Centro (plataforma institucional da USC ou outro que se acordase) e determinase tamén o lugar (web ou intranet) no que ubicar a documentación pública da Facultade.

A presidenta da Comisión concorda co que se di no informe da auditoría interna sobre a abundancia de información e evidencias do traballo realizado na Facultade, e a dificultade para atopalo. Menciona, de acordo co profesor Muñoz Carril, que sería

necesario acordar un sistema para organizar todo o gran soporte documental existente no Centro. Porén, a presidenta sinala que este proceso levará bastante traballo e cre que nun mes non vai dar tempo a realizar todas as tarefas pendentes para poder concorrer, coa suficiente solvencia, á acreditación institucional.

Ana María Brao Viña di que se podería empregar a aplicación institucional de axuda ao sistema de calidade, para archivar a documentación de uso interno. Sinala que é a plataforma que utilizan os avaliadores/as institucionais para consultar a documentación nos procesos de acreditación. Lembra que a día de hoxe están dados/as de alta e teñen acceso á plataforma, tanto para consultar como para subir información, ela mesma como xestora, a presidenta da Comisión, a secretaria e os coordinadores de título de Grao, e informa de que como xestora ten permiso para dar de alta aos membros que a Comisión decida incluír. Neste sentido a presidenta da Comisión propón que se lle dea de alta na aplicación institucional, á coordinadora de calidade da Facultade, profesora María José Romero Castro. Acéptase.

Analizado en profundidade e debatido o Informe por parte dos membros da Comisión e, escoitada a opinión dos membros da Comisión ao respecto de que a Facultade estea en condicións de presentarse en xaneiro de 2022 ao proceso de acreditación institucional, a presidenta da Comisión propón aprazar temporalmente concorrer ao proceso de acreditación institucional e contar con marxe de tempo suficiente para arranxar os puntos febles que se recollen no informe da auditoría interna.

A presidenta somete a consideración a proposta. Acórdase por asentimento aprazar temporalmente concorrer ao proceso de acreditación institucional.

### **3. Informe das coordinacións de título do grao en mestre/a de Educación Infantil e mestre/a do grao en Educación Primaria sobre a marcha do curso no primeiro semestre: reflexión, análise e acordos a tomar**

A presidenta concédelle a palabra ao coordinador do Título do Grao en Mestra/e de Educación infantil.

O profesor Pablo Muñoz Carril indica os datos de matrícula de novo ingreso referidos ao curso 2021-2022. No Grao de Infantil recibíronse 694 solicitudes para 82 prazas, e matriculáronse 87 estudantes. O número de solicitudes recibido nos Graos é o máis alto do Campus, despois dos Graos de Enfermería e Veterinaria. A nota de corte para Infantil foi de 8,70.

En relación á Xornada de Acollida para o alumnado de 1º curso, indica que o 6 de setembro tivo lugar a presentación do curso 2021-2022 por parte do vicedecano, adaptándose ao escenario 2.

O tratamento de temas de interese para o alumnado da Facultade, que adoitaba facerse presencialmente (estrutura dos estudos, dispensas, normativa, programa CompetenteS, incidencias, etc.) foi substituído novamente por presentacións interactivas elaboradas polos coordinadores de ambos os dou Títulos e dispoñibles para o alumnado na aula virtual de coordinación de primeiro curso.

O coordinador resume os datos da Enquisas da Xornada de Acollida (\* escala de 4 puntos – 1= nada | 4= moito):

- Alumnado Infantil: 22 respostas.
  - Utilidade dos contidos. Media de 3.5
  - Duración: Media de 3.64
  - Estructura da sesión: Media de 3.68
  - Opinión global xornada acollida: Media de 3.77
- OBSERVACIÓNS Realizadas (comúns co resto de titulacións):
  - ➔ Respecto aos aspectos a engadir. As observacións máis comúns son ás relativas á explicación dos horarios para comprender mellor o procedemento en escenario 2 (no que se iniciaron as clases).
  - ➔ Moitos estudantes sinalan que non eliminarían ningún aspecto da sesión de acollida, o que nos da a entender que os contidos incorporados son útiles.

Sobre as tarefas das coordinación de curso, o coordinador de Título sinala que actualmente existen prazas vacantes nas coordinacións de curso de 1º, 2º e 4º de infantil e que isto débese a diferentes situacións como o traslado das anteriores coordinadoras ao Campus de Santiago e tamén a algunhas renuncias ao cargo.

Explica que ao inicio do semestre procedeuse á elección de delegados/as dos diferentes cursos. Nalgúns casos, como en 1º de infantil, houbo especial dificultade pola escasa participación do alumnado. Porén, finalmente todos os cursos teñen asignados as súas delegadas e subdelegadas.

A inicio de curso púxose a disposición do profesorado no campus virtual (a través das aulas de coordinación de cada curso) unha base de datos para recoller *actividades transversais, prácticas de campo, actividades de Ap-S, charlas con profesionais externos, etc.*, realizadas nas diversas materias.

En concreto, en 1º curso de Infantil, na asignatura de “Socioloxía da Educación”, impartida pola profesora Marta María Poncet Souto, fixéronse dúas actividades. En 2º e 3º de Educación Infantil non consta a incorporación de actividade algunha, mentres que en 4º curso, realizáronse dúas actividades. Unha saída de campo organizada polo profesor Francisco Xosé Candia Durán na materia "Educación en Contextos Rurais" e unha actividade con profesionais externos titulada “o xadrez na escola”, desenvolvida pola profesora Uxía Garrido Filgueira na materia “Xogo Infantil”.

En liñas xerais a valoración do profesorado e alumnado respecto á realización destas actividades foi positiva e beneficiosa para o alumnado.

O coordinador anticipa que para o segundo semestre levaráanse a cabo dous proxectos de ApS. Un deles titulado: “Mellorando os recreos cunha mirada inclusiva”; coordinado pola profesora María José Fiuza Asorey na materia de “Psicoloxía da Educación” e que contará coa colaboración da Fundación ONCE en Lugo. O outro proxecto ApS adscrito ás materias “Procesos de mellora e uso das TIC”, e “Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos” coordinado polo profesor Pablo César Muñoz, leva por título “Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais”.

O coordinador de Título sinala que ao iniciar o semestre, dende as coordinacións dos Títulos de Infantil e de Primaria facilitouse aos coordinadores de curso unha ferramenta para recoller e compartir datos sobre a carga de traballos dos diferentes semestres de toda as Titulacións. Explica que esta ferramenta, en forma de calendario, púxose a dispor do profesorado de cada curso e Título para que incorporara as datas de probas, presentacións ou entregas de traballos máis relevantes nas súas materias. O profesor Muñoz Carril di que sería moi importante recordar ao profesorado que, na medida do posible, use estas ferramentas despoñibles dende as aulas de coordinación. Sinala que é unha tarefa sinxela, que apenas leva cinco minutos e onde básicamente hai que cubrir un formulario con datos descritivos e valorativos das actividades realizadas. Insiste na importancia de que o profesorado aporte esta información para ter evidencias que permitan mellorar os procesos e os informes de Calidade.

Sobre as enquisas de coordinación de curso previstas no documento marco, desenvolveuse o proceso de recollida de datos de cuarto curso do Grao de Infantil. As enquisas cubríronse na aula grazas á colaboración do profesor Pablo González Sequeiros, a quen agradece a súa axuda.

Resultados:

- 58 respostas.
- Os resultados do nivel de satisfacción do alumnado son, en xeral, bastante ou moi positivos en aspectos como *o número de alumnos nos grupos expositivos, interactivos e titorías; os espazos para a docencia e os recursos técnicos, a coordinación entre docentes dunha mesma materia, a adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes*
- Respecto aos horarios o 50% manifesta estar bastante satisfeito, mentes que un 22% indica non estar nada satisfeito. Resultados de satisfacción moi

similares tamén se recolleron en aspectos relativos á carga de traballo autónomo.

O coordinador de Título aporta un resumo dos datos obtidos:

<b>Espazos para a docencia</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	34	58.62
Moi satisfeito	2	3.45
Nada satisfeito	3	5.17
Pouco satisfeito	19	32.76
Total	58	100.00

<b>Recursos técnicos para a docencia</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	43	74.14
Moi satisfeito	4	6.90
Pouco satisfeito	11	18.97
Missing	0	0.00
Total	58	100.00

<b>Horarios lectivos</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	29	50.00
Moi satisfeito	1	1.72
Nada satisfeito	13	22.41
Pouco satisfeito	15	25.86
Missing	0	0.00
Total	58	100.00

<b>Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	25	43.10
Moi satisfeito	3	5.17
Nada satisfeito	6	10.34
Pouco satisfeito	24	41.38
Total	58	100.00

<b>Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	27	46.55
Moi satisfeito	6	10.34
Nada satisfeito	7	12.07
Pouco satisfeito	18	31.03
Total	58	100.00

<b>Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	39	67.24
Moi satisfeito	12	20.69
Nada satisfeito	2	3.45
Pouco satisfeito	5	8.62

<b>Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Total	58	100.00

<b>Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	48	82.76
Moi satisfeito	3	5.17
Pouco satisfeito	7	12.07
Total	58	100.00

<b>Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a</b>	<b>N</b>	<b>Porcentaxe</b>
Bastante satisfeito	38	65.52
Moi satisfeito	9	15.52
Nada satisfeito	1	1.72
Pouco satisfeito	10	17.24
Total	58	100.00

No que atinxe á marcha xeral do primeiro semestre, unha vez realizada á consulta ao profesorado e alumnado dos catro cursos (para coñecer incidencias, queixas, comentarios ou suxestións), o coordinador de Título sinala que en liñas xerais (tendo en conta á información recibida), o curso transcurriu sen indicencias graves. Non obstante, en 3º curso, nas materias de *Motricidade Infantil* tivéronse que adaptar as sesións interactivas na aula de traballo en grupo, debido á problemática xa coñecida do pavillón e debatida en diferentes momentos na Xunta de Facultade. Tamén se informa nesta mesma materia, respecto á distribución de clases no horario, que quedou solta no calendario unha sesión expositiva e outra interactiva despois do período de estancia do Prácticum (20 de decembro). Despois de 2 meses (dende o 22 de outubro), esas sesións quedan demasiado ailladas no proceso de ensino-aprendizaxe. Para vindeiros anos, o docente da materia suxire concentrar todas as sesións nun período (antes ou despois do Prácticum), ou ben repartir todas as clases nos dous períodos de forma proporcional.

En relación a 3º curso cinco alumnas de 3º de Infantil comentaron na reunión de reflexión sobre o Prácticum I que o calendario de Prácticum debería estenderse ata o último día antes das vacacións de Nadal, realizando diversas argumentacións ao respecto.

Por outra banda, púxose en coñecemento (por parte do decanato) do Dpto. de Pedagogía e Didáctica, así como da Vicerreitoría de Profesorado, a recente baixa dunha profesora da área DOE que imparte docencia en 1º e 2º de infantil, para que con carácter urgente se cubra este cese voluntario.

O coordinador do Título sinala que aparte destas cuestións comentadas, non se recibiron por parte do profesorado nin do alumnado máis comentarios ou incidencias.

O profesor Muñoz Carril remata a súa intervención informando sobre os cursos de formación. Ao longo do semestre desenvolvéronse os cursos básico e avanzado de competencias informacionais organizados pola biblioteca da Facultade para primeiro e cuarto curso respectivamente (tanto de primaria como de infantil e dobre grao), debidamente publicitados a través do foro de novas das páxinas de coordinación de curso no campus virtual. No caso do alumnado de cuarto, fíxose fincapé na conveniencia de apuntarse ao curso avanzado, xa que lles proporciona información útil para realizar o seu TFG. O coordinador de Título aporta os datos de participación ata o momento, referidos aos dous Graos e a o Dobre Grao:

-Curso Básico (1º curso): Matriculados 149, Aptos 98.

-Curso Avanzado (4º curso): Matriculados 67, Aptos 26 (dato pendente de confirmación).

A presidenta agradécelle a intervención do profesor Muñoz Carril e dá paso ao informe de coordinación do Título de Grao en Mestra ou Mestre de Educación Primaria e Dobre Grao.

A profesora Paula López Rúa aporta os datos de matrícula referidos ao curso 2021-2022. Sinala que os datos son positivos. No Grao de Primaria recibíronse 729 solicitudes para 82 prazas, e matriculándose 84 estudantes. No Dobre Grao recibíronse 168 solicitudes para 16 prazas e matriculáronse 19 estudantes. O alumnado que accede superando a cota xeral fíxoo pola cota de titulados. O número de solicitudes recibido nos Graos é o máis alto do Campus, despois dos Graos de Enfermería e Veterinaria. As notas de corte foron para Primaria 9,21, e para o Dobre Grao 10,79, esta última soamente superada no Campus de Lugo polos Graos de Enfermería, Veterinaria e Bioquímica.

Con relación á Xornada de Acollida para o alumnado de 1º curso de Primaria e Dobre Grao, a coordinadora de Título indica que tivo lugar o 6 de setembro e estivo a cargo do vicedecano, adaptándose ao escenario 2. A presentación na Facultade complementouse con presentacións interactivas elaboradas polos coordinadores de Título e despoñibles para o alumnado nas páxinas de coordinación de primeiro.

A coordinadora de Título resume os datos da Enquisa de Satisfacción coa Xornada de Acollida (\* escala de 4 puntos – 1= nada | 4= moito) que se lle pasou ao alumnado de Primaria e Dobre Grao:

- Alumnado Primaria: 17 respostas.



Utilidade dos contidos. Media de 3.35

Duración: Media de 3.88

Estrutura da sesión: Media de 3.65

Opinión global xornada acollida: Media de 3.71

- Alumnado Dobre Grao: 8 respostas.

Utilidade dos contidos. Media de 3.63

Duración: Media de 3.38

Estrutura da sesión: Media de 3.5

Opinión global xornada acollida: Media de 3.75

- OBSERVACIÓNS Realizadas (comúns co resto de titulacións):
  - ➔ Respecto aos aspectos a engadir. As observacións máis comúns son ás relativas á explicación dos horarios para comprender mellor o procedemento en escenario 2 (no que se iniciaron as clases).
  - ➔ Moitos estudantes sinalan que non eliminarían ningún aspecto da sesión de acollida, o que nos dá a entender que os contidos incorporados son útiles.

Sobre as tarefas das coordinacións de curso, a coordinadora de Título agradécelle ás coordinadoras e coordinadores de curso, o seu labor.

Sobre a elección de delegados/as dos diferentes cursos, di que neste primeiro semestre o alumnado de quinto do dobre grao non elixiu representantes. A profesora López Rúa sinala que durante o semestre solicitouse tamén aos coordinadores/as de curso que puxesen a disposición do profesorado no Campus Virtual a base de datos para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades de Ap-S, charlas con profesionais externos, as sesións en gran grupo do Prácticum, etc. As táboas despoñibles nos diferentes cursos dos Títulos no Campus Virtual foron modificadas cun derradeiro campo para incluír as valoracións, xa que a Comisión de Calidade, ten que avaliar a eficacia das diferentes accións.

A coordinadora de Título sinala que a revisión preliminar das táboas dos cursos do Título de Primaria amosa que xa se procedeu á incorporación de certas actividades. A profesora López Rúa solicita que na Xunta de Facultade se inste ao profesorado a súa implicación nesta tarefa de recollida de información. Indica que con data 21/12/2021, en primeiro curso de Primaria estaban rexistradas cinco actividades: o curso da

biblioteca, a V edición da exposición Educación en Feminino (en preparación) e actividades conmemorativas do 25N (vencelladas á materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”), e dúas conferencias vencelladas á materia “Socioloxía da Educación”. En segundo de primaria non hai entradas rexistradas. En terceiro consta unha saída de campo vencellada a “Ensino e aprendizaxe das CC Experimentais II”, e en cuarto desenvolveuse o curso avanzado da biblioteca. A coordinadora destaca o contraste entre cursos con respecto ás actividades desenvolvidas e di que cómpre reflexionar sobre que medidas se poden tomar para animar ao profesorado a desenvolver este tipo de iniciativas e para que proporcione os datos sobre as mesmas nas táboas, xa que estas actividades forman parte dende o curso pasado do Plan de formación e orientación do estudiantado (FORTE-FFP) e precísanse para o informe de execución do mesmo, e os datos recompilados reflíctense tamén nos informes de seguimento/acreditación dos títulos e na memoria de calidade.

A coordinadora de Título indica que se facilitou aos coordinadores/as de curso de Primaria, Infantil e Dobre Grao unha ferramenta para recoller e compartir datos sobre a carga de traballos dos diferentes semestres de toda as Titulacións (xa que unha das súas funcións e recoller e difundir entre o profesorado estes datos). A devandita ferramenta, en forma de calendarios, púxose a disposición do profesorado de cada curso e Título para que incorporaran as datas de probas, presentacións ou entregas de traballos nas súas materias. A profesora López Rúa sinala que a resposta do profesorado foi desigual. En primeiro curso de Primaria toda as materias rexistraron os seus traballos, mentras que o calendario de segundo curso está baleiro. As materias de segundo son as seguintes: Organización e xestión do centro escolar, Deseño, desenvolvemento e innovación curricular, Educ. visual e plástica I: contextos e metodoloxías artística, Didáctica da educación física, Ensino e aprendiz. de compet. Com.: Ling. e lit.. Castelás.

A profesora López Rúa di que en terceiro hai unha materia rexistrada, pero únicamente hai dúas no primeiro semestre posto que hai Prácticum, e en cuarto de Primaria soamente se rexistraron as tarefas principais de seis materias (dúas obrigatorias e 4 optativas), cando no curso se pedía a colaboración de tres materias obrigatorias e oito optativas.

A coordinadora indica que en primeiro do Dobre Grao non se colgou a táboa porque non había coordinador/a. En segundo do Dobre Grao hai dúas materias de sete. En terceiro do Dobre grao cubríronse tres das catro materias. Cuarto do Dobre Grao ten a mesma táboa que Primaria.

A coordinadora de Título solicítalle á presidenta da Comisión de Calidade que na Xunta de Facultade se agradeza ao profesorado que participou nesta tarefa a súa colaboración, e pide tamén que se lle solicite aos docentes que non o fixeron, que intenten empregar esta ferramenta, posto que a información recollida orienta ao resto

de compañeiros/as que imparten materias nese mesmo semestre, permitindo ter unha visión de conxunto da carga de traballos do alumnado nese periodo, e aporta datos importantes para a acreditación do centro e dos Títulos, xa que logo, unha das cuestións formuladas pola auditoría interna referíase precisamente a como se detectan as interaccións entre os traballos ou actividades encomendados ao estudiantado.

A coordinadora di que cómpre reflexionar sobre a resposta do profesorado e as posibles medidas a tomar para incrementar a súa participación.

Sobre as enquisas de coordinación de curso previstas no “documento marco de coordinación”, a coordinadora de Título explica que se desenvolveu o proceso de recollida de datos de cuarto curso de Primaria e Dobre Grao e quinto curso do Dobre Grao a través das coordinacións de curso despoñibles, e coa intervención das coordinacións de Título polas vacantes existentes, xa que estes cursos teñen Prácticum no segundo semestre e iso dificultará a recollida de datos presencial. En cuarto de Primaria e Dobre Grao solicitouse a colaboración dunha docente para ceder uns minutos dunha das súas sesións para esta tarefa co fin de aumentar a participación. Porén, a docente informou no último momento de que, por cuestións de planificación, non ía poder deixar tempo na clase para esta tarefa, e insistiulle ao alumnado para que a cubrise fóra da aula (cosa que xa se fixera desde a coordinación). O aviso chegou sen marxe de tempo para arranxar a recollida dos datos coa colaboración doutro docente, polo que os resultados de participación foron escasos.

En relación á enquisa de cuarto de Primaria e cuarto do Dobre Grao, a profesora Paula López Rúa explica que a cubriron en total nove persoas (7 do grao e 2 do dobre grao) e que o alumnado do Grao atópase satisfeito co número de alumnos/as nas sesións, os recursos técnicos, a carga de traballo autónomo e o número de traballos e prazos para a presentación, a coordinación entre docentes de materias compartidas, a adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes, e os posibles solapamentos de contidos. Os ítems cos que se atopa menos satisfeito son os horarios lectivos (58% pouco ou nada satisfeito, sinalando clases de mañá e tarde, horarios dispersos, pouco tempo para comer/descansar entre as 15 e 16h, ou problemas para compaxinar horarios e transportes de alumnado que reside fóra de Lugo), e os espazos para a docencia (58% pouco ou nada satisfeito, con comentarios unánimes sobre a ausencia de espazos adecuados para as materias de Educación Física).

Polo que respecta ao Dobre Grao, a enquisa so a cubriron dúas persoas, polo que os datos non se poden considerar significativos. O alumnado enquisado no Dobre Grao atópase pouco satisfeito cos espazos para a docencia, e rexístrase un comentario sobre horarios dispares, outro sobre problemas de comunicación entre docentes de materias

compartidas, e outro sobre a existencia de materias con contidos idénticos, malia que non proporcionan datos concretos.

A enquisa de quinto do Dobre Grao a cubriron oito persoas (estímase que ao redor da metade do alumnado matriculado). O alumnado atópase en xeral bastante satisfeito co número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais, os recursos técnicos, os horarios e as coordinacións entre docentes que comparten materias. Con respecto á adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nas programacións, a metade do alumnado enquisado di estar bastante satisfeito e a outra metade declárase pouco satisfeito, pero soamente dúas persoas xustifican a súa resposta, unha delas indicando que os contidos son repetitivos e outra comentando a pouca utilidade dos mesmos para o seu labor profesional, aínda que non proporcionan datos concretos. Os ítems cos que o alumnado se atopa pouco satisfeito son os espazos (75% de alumnado pouco satisfeito: varias persoas comentan a antigüidade das instalacións e a ausencia de pavillón), a carga de traballo autónomo do semestre e o número de traballos (63% de alumnado pouco satisfeito, aínda que sen detallar materias), e particularmente o solapamento de contidos entre materias con respecto a cursos anteriores (63% do alumnado pouco satisfeito e 25% do alumnado nada satisfeito, en total 88%). As enquisas apuntan a que poida existir un problema de solapamento nalgunhas materias sobre o que a coordinadora de Título di que cómpre reflexionar. A coordinadora propón reformar algúns ítems das enquisas para solicitar no apartado de observacións que en determinadas preguntas o alumnado mencione materias concretas para localizar o problema e que o profesorado poida facer as observacións pertinentes.

A coordinadora de Título indica que se informou ao profesorado da realización destas enquisas e dos resultados recollidos para poder facer as observacións pertinentes. Non se recibiron comentarios por parte do profesorado nin este solicitou que se transmitise ningunha información ao alumnado a través do foro da páxina de coordinación no campus virtual, e cre que pode vir determinado polo feito de que os docentes entenden que os datos recollidos non son significativos ao seren escasos (malia que en quinto respostou a metade do alumnado).

A coordinadora de Título di que no segundo semestre instarase ao alumnado de cuarto de Primaria, Dobre Grao e quinto do Dobre Grao, a cubrir as enquisas tanto do primeiro como do segundo semestre, pero entende que ao non ter clases presenciais na Facultade a participación moi probablemente continuará a ser escasa. Propón contar coa colaboración do profesorado supervisor do Prácticum para que llo lembre ao alumnado.

A profesora Paula López Rúa solicita á presidenta da Comisión que na Xunta de Facultade de decembro de 2021 se anime ao profesorado para que colabore na

petición das coordinacións de curso cedendo uns minutos das súas sesións para a recollida de datos (as enquisas de primeiro, segundo e terceiro pásanse ao remate do curso), porque estas enquisas proporcionan información sobre aspectos relacionados coa calidade das Titulacións que é necesario analizar para os Informes de Seguimento dos Títulos, para a acreditación dos Títulos e para a Memoria de Calidade do Centro, concretamente a coordinación entre docentes que imparten as mesmas materias, a carga de traballos do semestre /curso, ou o posible solapamento de contidos entre materias.

Sobre as vacantes nas coordinacións de curso, a coordinadora di que polo que respecta a Primaria e Dobre Grao, actualmente están sen cubrir os postos de coordinador de primeiro do dobre grao e quinto do dobre grao. Sinala que a profesora María Campos Magdaleno, coordinadora de primeiro de Primaria, colaborou para enviar mensaxes, colgar documentación e manter o contacto co alumnado de primeiro do Dobre Grao a través do foro do campus virtual durante o semestre. En quinto do Dobre Grao, cuxa coordinación corresponde ao coordinador de cuarto de infantil, posto tamén vacante, mantívose o contacto co alumnado a través da anterior delegada (actualmente de Erasmus) e por medio do foro do campus virtual. A coordinadora de Título recorda que o curso non elixiu delegadas/os.

En Primaria e Dobre Grao, a coordinadora de Título agradécelle o labor desenvolvido ás coordinadoras de curso María Campos Magdaleno, M<sup>ª</sup> José Romero Castro e Virginia Aznar Cuadrado ao longo do semestre, especialmente nestes momentos nos que hai varios postos de coordinación de curso vacantes, o cal dificulta o labor das restantes coordinacións e da coordinación de Título. Neste sentido, este curso solicitouse ao persoal que xestiona o Campus Virtual que os coordinadores de Título puideran ter acceso a todos os cursos do Título, e dese xeito comunicarse co alumnado, intentar recoller os datos que se precisaban e desenvolver algunhas tarefas das coordinacións de curso. A coordinadora de Título considera recomendable que este acceso continúe en vindeiros cursos, xa que dese xeito as coordinacións de Título poden obter datos de primeira man sobre aspectos dos distintos cursos (por exemplo, sobre as táboas de actividades ou os calendarios de traballos), e porque en calquera momento se poden producir novas baixas nas coordinacións de curso.

A coordinadora de Título opina que dende o decanato poderíase solicitar a colaboración dos e das docentes da Facultade para asumir postos de coordinación de curso, xa que as tarefas que desenvolven (revisión de programas, enquisas de coordinación, recompilación de datos de actividades transversais, conferencias, etc.) son fundamentais para a boa marcha dos Títulos, que terán que pasar polo proceso de acreditación neste curso académico.

En relación aos cursos de formación, a coordinadora do Título refírese aos datos xa aportados polo coordinador de Título do Grao de Infantil, profesor Pablo César Muñoz Carril.

Sobre queixas, comentarios ou suxestións recibidas na coordinación de Título no primeiro semestre do curso 2021- 2022, a coordinadora de Título di que á coordinadora de curso de Primeiro de Primaria non lle achegaron, nin por parte do alumnado nin por parte da delegada e subdelegada de curso. En segundo de Primaria, os delegados de curso comentaron que a falta de pavillón afectou ao desenvolvemento das clases interactivas de Educación Física. As delegadas de 2º curso de Dobre grao non trasladaron ningunha incidencia. Polo que respecta ao profesorado, o profesor Rubén Navarro destaca a falta de instalación e solución alternativa para a materia de "Didáctica da educación física". No resto dos cursos de Primaria e Dobre grao non se recibiron queixas, comentarios ou suxestións por parte de alumnado ou profesorado.

A presidenta agradécelle á coordinadora de Título a súa intervención e abre unha rolda de intervencións para a análise, reflexión e, no seu caso, toma de decisións.

Os membros da Comisión interveñen para reflexionar sobre as posibles causas dalgúns dos problemas que se trasladaron nos Informes de coordinación de Título e debaten sobre as accións que se poderían por en marcha para intentar solucionarlos.

Fálase da necesidade de concienciar ao profesorado da importancia de cumprir coas tarefas que se lles solicitan dende as coordinacións de curso (cumprimentar as táboas de actividades transversais, cubrir os calendarios e enquisas, enviar en tempo e forma os programas para a súa revisión, etc...) polo que isto supón para o eficaz funcionamento da Facultade, para a calidade da formación que se ofrece ao estudantado e mesmo para poder superar os procesos de acreditación dos Títulos, e do Centro.

A presidenta propón que dende o decanato se envíe unha mensaxe de correo electrónico ao profesorado pedindo a súa colaboración no cumprimento das tarefas que se lle solicitan dende as coordinacións de curso, indicándoselle que con isto se pretende mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe e a coordinación horizontal e vertical da Facultade o que redundará na calidade do centro e na posibilidade de superar aos procesos de acreditación institucional.

A Comisión reflexiona sobre a ferramenta que se emprega para revisar os programas das materias dos Graos. Proponse para levar a cabo o antes posible a reformulación do proceso de revisión de programas nos Graos, empregando unha plantilla similar á do Máster de Secundaria coas modificacións e axustes necesarios. Acéptase a proposta.

#### **4. Informe sobre as vacantes a cubrir nas Comisións da Xunta de Facultade, coordinacións de curso e TFG: análise da situación e acordos a tomar**

A presidenta reflexiona sobre as posibles causas da problemática das vacantes nas Comisións da Xunta de Facultade e nas coordinacións de curso e de TFG. Sinala que é unha situación “tradicional” na Facultade que vén de longo (PODs completos pola maioría do profesorado, falta de recoñecemento das horas de coordinación como HDE...) e que este problema agravouse pola inestabilidade do profesorado que se incorpora a unha praza na Facultade en Lugo e que aos poucos meses (as veces semanas) gaña outra praza no campus de Compostela ou noutra universidade. A presidenta sinala tamén a mobilidade do profesorado entre campus da USC, como outro motivo salientable e que conleva graves perxuizos algunhas facultades, como é o caso da Facultade de Formación do Profesorado. Por último, alude a algunhas renuncias aos cargos de coordinación que se produciron no medio do curso.

A presidenta insiste na necesidade de que o profesorado, sobre todo o que ten máis experiencia, traxectoria e estabilidade, asuma algún destes cargos. Di que é imprescindible para o bo funcionamento da Facultade, concretamente para a calidade do Centro e consecuentemente para a calidade da formación que se lle ofrece ao alumnado.

A presidenta presenta a situación na actualidade:

En canto ás coordinacións de curso, indica que están baleiras as seguintes:

- 1º Infantil e Dobre Grao: era asumida pola profesora Silvia López Gómez que gañou unha praza de axudante doutora en Santiago de Compostela. Despois foi asumida pola profesora Lucía Casal de la Fuente, que gañou unha praza na universidade de Vigo.
- 2º Infantil: era asumida polo profesor Pablo García Marín, quen presentou a súa renuncia.
- 4º Infantil y 5º Dobre Grao: era asumida pola profesora Cristina Martínez Tejero que está de baixa por maternidade.

#### **Coordinación de TFG:**

- Grao en Infantil: era asumida polo profesor Joaquín Lago Ballesteros, quen presentou a súa renuncia.
- Grao en Primaria: era asumida polo profesor Rubén Navarro Patón, quen presentou a súa renuncia.

## Comisións:

- Comisión de docencia e validacións: queda libre, por parte do PDI, a representación que exercía o profesor Rubén Navarro Patón, quen presentou a súa renuncia.
- Comisión de asuntos económicos e de docencia: queda libre, por parte do PDI, a representación que exercía o profesor Rubén Navarro Patón, quen presentou a súa renuncia.
- Comisión de Xénero: queda libre, por parte do PDI, a representación que exercía a profesora Montserrat Pena Presas, por traslado ao Campus de Compostela.
- Comisión de Biblioteca: quedan libres, por parte do PDI, a representación que exercían as profesoras Isabel Fernández López e Montserrat Pena Presas (por traslado ao Campus de Santiago), e o profesor Rubén Navarro Patón, quen presentou a súa renuncia.

A presidenta da Comisión propón que na próxima Xunta de Facultade que se vai celebrar o día 22 de decembro de 2021, dende o decanato se faga un chamamento ao profesorado para instarlle a que se comprometa a asumir algunhas das coordinacións baleiras e, de haber algún pronunciamento nestes momentos a prol de participar nas coordinacións e comisións, serían cubertas as prazas vacantes. Di que de non ser así e dado que algunhas persoas non poderán participar da Xunta de Facultade por motivos xustificadas, enviarase un correo a todo o profesorado reiterando a oferta, e dando un prazo de resposta. Acéptase a proposta.

De non haber candidaturas, a presidenta da Comisión de Calidade informa de que será o equipo decanal quen asuma a representación nas coordinacións baleiras, a prol do bo funcionamento da Facultade e da calidade da formación que se lle dá ao alumnado.

A presidenta remata a súa intervención agradecéndolle aos coordinadores de Título de Grao, Pablo Muñoz Carril e Paula López Rúa o intenso traballo que están a facer asumindo a maiores estas coordinacións de curso que quedaron baleiras. Agradécelle tamén o traballo ao resto de coordinadores/as de curso que fan posible a coordinación horizontal e vertical, fundamental para a boa marcha da Facultade.

## **5. Análise do informe de execución do Plan FORTE no curso 2020-21: revisión da eficacia e proposta de accións de mellora.**

A presidenta concédelle a palabra aos coordinadores de Título dos Graos.



Intervén a profesora Paula López Rúa. A coordinadora do Título do Grao de Primaria e Dobre Grao explica que O Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o Centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral.

Di que o Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

A coordinadora de Título aporta os datos sobre o informe do Plan Forte. Expón as actividades levadas a cabo con relación ás diferentes liñas do Plan, que abrangue aos Graos de Primaria e Infantil. Explica que o Plan integra accións de mellora que se viñan realizando anualmente e que constan nos Autoinformes de Seguimento dos Títulos elaborados polas Comisións de Título. O deseño do Plan propúxose como acción de mellora no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2019-2020 para desenvolver no curso seguinte (AM-01 2020-2021). O Plan FORTE-FFP foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na reunión celebrada o 30 de abril de 2021, executando dese xeito á devandita acción de mellora.

Asemade, neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento das actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. Todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

Analizadas no seu conxunto as liñas do Plan e revisada a eficacia das diversas actividades que o conforman, a Comisión de Calidade acorda a continuidade do Plan

FORTE da Facultade de Formación do Profesorado. A Comisión acorda tamén continuar desenvolvendo as liñas do Plan coas mesmas actividades ou outras de similar natureza coas actualizacións pertinentes, facer un seguimento do funcionamento do Programa de Alumnado Tutor para comprobar si se atenderon as suxestións de mellora enviadas e valorar se a dita actividade continúa a ser parte do Plan, e deixar o curso da biblioteca en cuarto.

A presidenta agradécelle a intervención da profesora Paula López Rúa, coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao.

Tendo en conta a hora (13:45) na que se remata o punto cinco da orde do día e a longa duración da reunión, a presidenta propón convocar outra xuntanza da Comisión de Calidade o día 11 de xaneiro de 2022 para tratar os puntos da orde do día seis, sete e oito que quedaron pendentes.

A presidenta agradece a presenza dos membros da Comisión e dá por rematada a sesión da que estendo acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

## INFORME DE EXECUCIÓN DO PLAN FORTE-FFP 2020-2021

### GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA E GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL

#### (elaborado polos coordinadores dos Títulos de Grao de Mestre/a de Educación Primaria e Grao de Mestre/a de Educación Infantil)

O Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concrétnanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

O presente informe expón as actividades levadas a cabo con relación ás diferentes liñas do Plan, que abrangue aos Graos de Primaria e Infantil. O Plan integra accións de mellora que se viñan realizando anualmente e que constan nos Autoinformes de Seguimento dos Títulos elaborados polas Comisións de Título. O deseño do Plan propúxose como acción de mellora no

Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2019-2020 para desenvolver no curso seguinte (AM-01 2020-2021). O Plan FORTE-FFP foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na reunión celebrada o 30 de abril de 2021, executando dese xeito á devandita acción de mellora.

Asimesmo, neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. O informe contén asimesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades, que serán analizadas e valoradas pola Comisión de Calidade.

Todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

## LIÑA 1: ACTIVIDADES

### 1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

No curso 2020-2021, por mor das restricións na presencialidade orixinadas pola situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, as actividades previstas foron axustadas nunha única sesión celebrada o 21 de setembro de 2020, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual, na páxina de coordinación de primeiro curso. As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

*Para o Grao de Mestre/a en Educación Primaria*

<https://view.genial.ly/5ef38991086b4f0d9717a7e3/presentation-benvida1primaria>

<https://view.genial.ly/5ef49771d31cf50da579752a/presentation-benvida2primaria>

*Para o Grao de Mestre/a en Educación Infantil*

<https://view.genial.ly/5efa26e687ce1d0d6d78e175/presentation-benvida1infantil>

<https://view.genial.ly/5efa275db4ded50d7ab06527/presentation-benvida2infantil>

*Para o Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria*

<https://view.genial.ly/60a5233507e8cc0dc55b0f83/presentation-benvida1dobre-grao>

<https://view.genial.ly/60a5235f6e18150d397255df/presentation-benvida2dobre-grao>

As presentacións incorporan asimesmo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos.

A enquisa de satisfacción do alumnado foi cuberta por 74 persoas, das cales o 43,2% pertencía ao Grao de Infantil, o 41,9% ao Grao de Primaria e o 14,9% ao Dobre Grao. A análise de

resultados fíxose conxuntamente para os dous Graos, xa que os contidos das presentacións son esencialmente os mesmos en ambos, e tamén coinciden na súa meirande parte as temáticas tratadas e as dinámicas seguidas na parte presencial da xornada. Os resultados da enquisa son moi positivos, e apuntan á conveniencia de continuar realizando esta actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

Analizando polo miúdo os resultados, o alumnado atópase en liñas xerais bastante ou moi satisfeito cos contidos tratados (87,8% dos enquisados), a duración da sesión (86,5%) e a súa estruturación (100%), e o 97,3% dos enquisados cualifica a sesión de acollida como positiva. Entre os escasos comentarios realizados polos enquisados sobre aspectos que sería necesario engadir á sesión atópase a observación sobre a necesidade de afondar máis no tema dos horarios (7 comentarios), cuestión posiblemente coxuntural derivada da complexidade do sistema de turnos rotatorios de asistencia que houbo que establecer por mor das restricións sanitarias.

## **1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUCTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓN CAMPUS TERRA**

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf>

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20INFANTIL%20-%20ES.pdf>

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/D.%20G.%20EDUC.%20INFANTIL%20Y%20OPRIMARIA%20-%20ES.pdf>

As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da Facultade. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade.

## **1.3. SESIÓN INFORMATIVA MENCIÓNS (SEGUNDO CURSO)**

Ao remate do curso 2020-2021, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao colgou nas páxinas de coordinación dos cursos no Campus Virtual información relativa ás mencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas. Ademais, dende a coordinación de curso organizouse o 10 de xuño de 2021 unha sesión informativa a través da plataforma Teams na que un docente da Facultade solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. O alumnado foi informado do material

existente no Campus Virtual e da organización da sesión informativa mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Contabilizáronse un total de 37 alumnos/as asistentes á sesión, en conxunto algo máis dun terzo do alumnado matriculado. O número de asistentes non é moi elevado, pero iso pode deberse ao feito de que a meirande parte do alumnado non tiña dúbidas que solucionar relativas ás mencións, contando xa con suficiente información sobre as mesmas grazas ás presentacións e recursos colgados no Campus Virtual. En calquera caso, proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo actividades nesta liña.

#### **1.4. SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM (SEGUNDO CURSO): PRE-PRÁCTICUM**

Esta sesión informativa ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria e Infantil, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

No curso 2020-2021, debido ás restricións sanitarias da presencialidade derivadas da pandemia, a sesión tivo lugar mediante a plataforma Teams no mes de maio (o día 11 para Infantil e o 14 para Primaria). Os delegados dos cursos foron contactados previamente por correo electrónico para proporcionarlles os detalles da reunión que trasladarían aos seus compañeiros, e acordar datas e horarios. As sesións contaron coa asistencia masiva do alumnado convocado.

A sesión considérase esencial para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

#### **1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)**

En xaneiro de 2021, dende as coordinacións de título informouse por medio do foro de novas do campus virtual ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha dunha nova convocatoria do programa de titores, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar ao alumnado de primeiro. Nesa convocatoria correspondente ao curso 20-21 non se recibiron solicitudes na Facultade para ser alumnado titor.

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaran polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a

presencial), reduciendo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Polo momento, non se recibiu resposta.

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. Porén, en tanto non se fagan melloras no seu desenvolvemento é probable que o problema da escasa participación do alumnado persista. Esta iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, pero, unha vez notificados os responsables da problemática detectada, farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

## **LIÑA 2: ACTIVIDADES**

### **2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)**

Os coordinadores de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dese xeito, dende as coordinacións de curso informouse no mes de xaneiro do XXXII Encontro da Confederación Estatal de MRP celebrado de xeito virtual, “Los derechos de la infancia en estado de alarma”. En febreiro de 2021 informouse da presentación virtual do proxecto “Te lo cuentan las matemáticas”, no que se tratou, entre outros aspectos, da importancia de aprender matemáticas dun xeito diferente e de poñer en valor ás mulleres matemáticas; tamén no mesmo mes se informou ao alumnado de cuarto curso do programa de voluntariado europeo. En xuño de 2021 publicitouse para o alumnado de cuarto a convocatoria de bolsas de colaboración en departamentos financiadas polo Ministerio de Educación para o curso 21-22. No mes de xuño publicitouse tamén para o alumnado de cuarto curso unha oferta de emprego da empresa Coeduca, que precisaba cubrir varios postos de persoal con formación en educación.

Por outra banda, os servizos que ofrece Área de Orientación Laboral publicítanse a todos os cursos da titulación mediante o foro de novas do Campus Virtual, e en cuarto curso presentouse especificamente a plataforma de emprego da USC no mes de xuño.

### **2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)**

O alumnado de cuarto foi informado no mes de xuño de que o 1 de xullo de 2021 impartiríase, por parte de persoal da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, previa xestión do Decanato da Facultade, unha sesión informativa virtual mediante Teams sobre orientación

laboral, na que se proporcionou orientación sobre os primeiros pasos a dar antes de comezar a buscar traballo, as alternativas profesionais e a elaboración do Curriculum Vitae. De acordo cos datos facilitados pola Área de Orientación Laboral, asistiron á sesión 9 persoas. Unha presentación coa información facilitada na sesión púxose a disposición do alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Aínda que os datos de participación son baixos (o cal podería estar relacionado co momento do curso no que se programou, no cal se estaba a producir a defensa de TFGs), considérase que esta iniciativa contribúe á orientación do alumnado polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo, polo que cómpre fomentar e publicitar este tipo de actividades.

### **2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (CUARTO CURSO)**

En resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do dobre grao no segundo semestre do curso 20-21, fixéronse as xestións oportunas para organizar unha sesión informativa sobre as oposicións, que se decidiu estender ao alumnado de cuarto curso dos graos de Primaria e Infantil. O alumnado deses cursos e o de quinto do dobre grao foi informado por medio do foro de novas de cuarto no campus virtual e por correo electrónico enviado á delegada de quinto da celebración os días 26 e 27 de maio de dúas sesións informativas sobre oposicións para Mestres/as de Infantil y de Primaria, impartidas por mestres en activo das dúas titulacións que aprobaron as oposicións recentemente. Por mor das restricións sanitarias, as sesións celebráronse virtualmente pola plataforma Teams. Asimesmo, para o alumnado que non puido asistir colgouse unha presentación da sesión na páxina de cuarto de primaria e quinto do dobre grao.

Na enquisa de satisfacción sobre esta actividade que se pasou ao alumnado, o 78,6% do alumnado de primaria encontrou a charla útil, e o 85,7% recomendaría volver a organizala en próximos cursos coa mesma persoa. No caso de quinto do dobre grao, o 100% dos enquisados respostou positivamente a ambos ítems. Tendo en conta os bos resultados obtidos, considérase que esta actividade debe ter continuidade.

## **LIÑA 3: ACTIVIDADES**

### **3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)**

#### **Primeiro de Primaria:**

- “Educación en feminino: un paseo pola historia”. Exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”. A IV colección (elaborada polo alumnado do curso 2020-21) estivo exposta nos seguintes lugares: Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo, USC (febreiro-abril 2021), IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela (maio 2021), Facultade de Ciencias da Educación, Campus da Coruña, UDC (outubro-novembro 2021), e Biblioteca Pública de Lugo (decembro 2021). Esta actividade, na que se implicou todo o alumnado da materia,



dalle ao alumnado a oportunidade de traballar sobre a base dos coñecementos adquiridos nela, recollendo e tratando información para a súa divulgación. Por outra banda, contribúe a poñer en valor o traballo desenvolvido por mulleres educadoras ao longo da historia. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa cuarta edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.

- “Metodoloxía da investigación: desenvolvemento de cuestionarios para a investigación educativa” (21 Outubro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Yazan Taher Abd Alwali Shawabkeh) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. A actividade centrouse na aproximación práctica á metodoloxía de investigación con cuestionarios e enquisas.
- “A Revolución educativa” (28 outubro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Irene Romo Poderós) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. Na conferencia abordáronse temas de interese para o alumnado vencellados á súa futura profesión, tales como a perspectiva histórica do cambio socioeducativo no estado español, achegas e prácticas do feito educativo, o pensamento de educadoras revolucionarias como Antía Cal, María Montessori e Rosa Sensat, ou achegas pedagóxicas e problemáticas prácticas da actividade docente.
- “O rol das Organización non gobernamentais na intervención social: o caso da Fundación Lonxanet e os centros escolares de Galiza” (4 novembro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Antonio García Allut) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. A conferencia aportou unha visión práctica ("aprendizaxe en comunidade") e de posta en valor dos recursos do territorio de Galicia. Asimesmo, proporcionou exemplos dende o punto de vista da antropoloxía cultural sobre como promover mellores marcos de convivencia e unha educación que tome en conta a contorna e os seus recursos naturais. Esta conferencia permitiu aproximar ao alumnado aos proxectos educativos de centro, e a iniciativas como Ashoka, fundadas no emprendemento social, a educación no eido da alimentación e a soberanía alimentaria.

As tres actividades relacionadas coa materia “Socioloxía da Educación” contaron coa participación da maioría do alumnado matriculado na materia. Este amosouse atento e interesado, formulando preguntas e recollendo conclusións nas súas presentacións orais, poñendo en práctica a aprendizaxe dialóxica.

### **Segundo de Primaria**

- "Deseño de proxectos no centro e na aula" (19 decembro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Eva Fraga Luaces) vencellada á materia “Deseño, desenvolvemento e innovación curricular”, na que se afondou nas vinculacións entre as programacións nos distintos niveis de concreción curricular. A actividade considérase de interese para a ampliación da formación do alumnado en aspectos relacionados co deseño e desenvolvemento curricular, e contou coa participación da meirande parte do alumnado matriculado.
- “Camiñando xunt@s” (20 abril 2021). Actividade de campo interdisciplinar, vencellada ás materias Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética, Ensino e Aprendizaxe das Ciencias

Experimentais I, e Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I. Realizouse un tramo do Camiño de Santiago. O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade Participou practicamente todo o alumnado de 2º curso. Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. O alumnado percibe a actividade de interese, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero si se ten percibido, nas conclusións de traballos académicos de materias da Área de Didáctica da Matemática relacionados coa análise e deseño de propostas docentes, a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto. A valoración xeral da actividade é positiva, polo que a vontade do profesorado implicado ata o momento é continuar desenvolvéndoas e ampliar o seu aproveitamento nas materias ampliando a relación de actividades. Porén, a continuidade da actividade dependerá da posibilidade de financiamento (a Facultade custeou os gastos con cargo ás Axudas para a mellora da docencia) e da disposición do profesorado responsable das materias implicadas.

### Terceiro de Primaria

- “Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)” (29-30 setembro 2020). Actividade de campo vencellada á materia “Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe. Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 90 alumnos e alumnas dun total de 110 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre, pero especialmente en tempos de pandemia, poden favorecer o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.
- “Saída de campo a Porto do Son” (7 outubro 2020). Actividade de campo vencellada ás materias Ensino e aprendizaxe das Ciencias Sociais II e Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II. Nesta saída interdisciplinar centrada en aprender a integrar dende unha perspectiva científica e didáctica crítica elementos naturais e culturais da paisaxe relacionados co cambio climático. Contouse ademais coa colaboración de dous expertos en depósitos cuaternarios. A participación do alumnado nesta saída realizada ao longo de todo un día foi alta, asistindo 75 estudantes dun total de 110 matriculados. Esta alta participación pode indicar o interese polas actividades desenvolvidas, e o bo ambiente mostrado tanto nos desprazamentos como na realización das diferentes tarefas reflicte a boa acollida da saída no seu conxunto, a pesares de todas as limitacións de organización e

traballo debidas á pandemia.

- “Aulas abertas” (1 febreiro – 15 maio 2021). Actividade con profesionais externos vencellada á materia “Titoría e Orientación educativa”. Trátase dunha actividade que fomenta a adquisición dos contidos da materia, propoñéndose aulas abertas nas que, como mínimo para cada módulo, entra unha persoa relacionada co exposto: profesores, membros de asociacións de pais e nais, pais e nais non asociados, directores de centros educativos, coordinadores de proxectos de innovación, asesores de formación de profesorado, exalumnado cun TFG relacionado co tema, etc.

#### **Cuarto de Primaria**

- “Proxecto de Bana” (13 maio 2021). Conferencia a cargo de profesional externo vencellada á materia “Prácticum II”. Neste relatorio presentouse un proxecto educativo que xira en torno a unha cadela que actúa como ligazón para crear o sentimento de grupo-clase, e a el asistiu a meirande parte do alumnado matriculado. As sesións con profesionais externos relacionadas coas materias de Prácticum teñen por obxectivo que o alumnado coñeza experiencias de ensinanza-aprendizaxe dalgunha maneira singulares de man directa dos seus protagonistas. Trátase de que estas experiencias poidan servir como modelo e/ou motivar a reflexión do alumnado sobre o interese do Prácticum e os proxectos e prácticas de centro e aula. Esta e outras sesións con profesionais externos vencelladas ás prácticas son de interese formativo porque obrigan a esa reflexión, que o alumnado recolle nos seus informes de prácticas, e resultan un complemento adecuado ás propias prácticas escolares.

#### **Primeiro de Infantil**

Leváronse a cabo 3 actividades, en concreto:

- O 23 de novembro, na materia de “Socioloxía da Educación” a profesora Marta Poncet realizou unha actividade consistente en que unha alumna compartise cos seus compañeiros/as a experiencia vivida durante as súas prácticas no ciclo superior de FP de Educación Infantil na asociación educativa “Nenea Medrar Creando” (Lugo).
- Na asignatura de “Infancia, Saúde e Alimentación”, impartida pola profesora Lucía Moure, o pediatra Juan Manuel Capelo impartiu o 27 de abril unha sesión formativa sobre os principais problemas de saúde que aflixen aos nenos e cos que se poden atopar durante a súa vida profesional, centrándose en situacións que requiriran actuacións como descompensacións diabéticas, anafilaxia... Tamén nesta mesma materia, o 4 de maio o médico do 061 José María Rey impartiu unha sesión interactiva abordando diferentes situacións de urxencia coas que se poden atopar as futuras mestras e Mestres de educación infantil durante a súa vida profesional como traumatismos, atragantamento, pérdidas de conciencia...

#### **Segundo de Infantil**

Non consta a realización actividades transversais, prácticas de campo e/ou actividades con profesionais externos.

#### **Terceiro de Infantil**

Realizáronse 4 actividades:

- Na materia “Literatura Infantil e Dramatización”, impartida pola profesora Montse Pena, levouse a cabo unha charla coloquio cunha profesional externa, en concreto con María Pousa, asesora de Bibliotecas Escolares.
- Durante o mes de abril, na asignatura de “Titoría e Acción Educativa”, a profesora Susana Vázquez invitou a varios profesionais externos para a realización de diversas charlas-coloquio, sobre temáticas diversas como: “a importancia da titoría educativa nun centro de menores” (acción levada a cabo por Jorge Calvín), “a inclusión educativa dende a multiculturalidade” (cuxa responsable foi Marta Castro Girona) e, finalmente, “Experiencias Inclusivas: ApS e Patios Dinámicos” que foi unha charla-coloquio impartida por Ana María Pérez e Mónica Sánchez.

#### Cuarto de Infantil

Desenvolvéronse 2 actividades.

- Unha das actividades realizadas durante todo o semestre e vinculada á materia “Participación nos centros escolares” (impartida pola profesora T. Susana Vázquez Regueiro), consistiu en que cada alumno/a propuxese unha lectura que sería comentada, nunha sesión, por todo o grupo. A particularidade é que cada alumno/a debe conseguir que participe (presencial ou virtualmente) un profesional relacionado co tema da lectura, á vez que a profesora achega, igualmente, outro.
- Respecto á terceira actividade, denominada “Aulas Abertas”, foi levada a cabo durante todo o semestre pola profesora T. Susana Vázquez Regueiro, na asignatura “Participación nos centros escolares e Convivencia nos centros escolares”. A actividade consistiu en que para a adquisición dos contidos das materias, propóñense aulas abertas nas que, como mínimo para cada módulo, entra unha persoa relacionada co exposto: profesores, membros de asociacións de pais e nais, pais e nais non asociados, directores de centros educativos, coordinadores de proxectos de innovación, asesores de formación de profesorado...

Por outra banda, os profesores Pablo C. Muñoz Carril e Mari Carmen Caldeiro, en colaboración con outros docentes da Fac. de Ciencias da Educación de Santiago, finalizaron no mes de maio o proxecto de innovación titulado: “A creación de materiais educativos multimedia a través da ferramenta “EdiLIM”: pímulas formativas de apoio para o alumnado dos Graos de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria”. Este proxecto fora concedido no marco da II Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia. Debido á crise sanitaria o proxecto, que xa fora concedido no curso 2019-20, non se puido rematar ata maio do 2021.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan en conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

#### LIÑA 4: ACTIVIDADES

##### 4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- o Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- o Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- o Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- o Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- o Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual, con mensaxes e un vídeo explicativo elaborado dende a Biblioteca. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro-novembro 2020) e contou cun bo dato de matrícula (72 matriculados en infantil e 59 aptos; 93 matriculados en primaria e 69 aptos). O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro-décembro 2020) pero cunha cifra máis baixa de matriculados e aptos (65 matriculados entre primaria, infantil e dobre grao, e 34 aptos). Cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística. Ademáis, por cuestións sanitarias o curso académico empezou con retraso respecto ao calendario habitual, o cal aumentou a carga de traballo do alumnado do último curso no semestre pola finalización das clases das materias optativas ao mesmo tempo que as obrigatorias. Por outra banda, por cuestións organizativas tamén relacionadas coa pandemia, non foi posible que o director da Biblioteca presentase de xeito presencial os cursos ao alumnado, polo que se recorreu aos vídeos introductorios. Ambas razóns puideron tamén influir na baixa participación.

En calquera caso, e co fin de aumentar a participación do alumnado, Decanato e coordinacións de título colaboraron para facer as oportunas xestións e organizar unha segunda edición do curso avanzado en terceiro curso, barallando a posibilidade de manter o curso nese ano se se observaba unha resposta positiva. O curso publicitouse do mesmo xeito que nos casos anteriores e tivo lugar no segundo semestre (marzo 2021), pero a resposta foi moi baixa, xa que se matricularon 14 alumnos entre Primaria, Infantil e Dobre Grao, con 8 aptos. Tendo en conta os resultados, propónse que o curso avanzado permaneza en cuarto, así como manter estas accións formativas pola súa importancia para a formación en competencias transversais do alumnado.

#### **4.2 PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)**

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en

lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, contando no curso 20-21 con 20 materias de formación básica, obrigatorias e optativas adscritas impartidas no Grao de Infantil (3 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego) e outras tantas en Primaria (2 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego).

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

#### **4.3. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO)**

No mes de marzo, as coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha do módulo de formación en presentacións dixitais por parte do Servizo de Normalización Lingüística, sinalándose o interese deste módulo para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

#### **4.4. CURSOS DE FORMACIÓN: CLM**

Ao inicio do curso 2020-2021, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade. Tendo en conta isto, considérase oportuno continuar proporcionando información ao alumnado sobre este tipo de actividades.

Este informe, elaborado polas Coordinacións dos títulos cos datos aportados por membros das súas respectivas Comisións de Título será obxecto de análise por parte da Comisión de Calidade, que revisará e valorará a eficacia do Plan e concretará, de habelas, as accións de mellora pertinentes, as cales figurarán no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2020-2021. Para a proposta de accións deberanse ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso *PS-05 Xestión de incidencias (SQR)*, os

resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións (verificación, seguimento, modificación, acreditación) que teñan que ver con este eido.

Lugo, 22 de decembro de 2021

Pablo César Muñoz Carril

Coordinador do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Infantil

Paula López Rúa

Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Primaria

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO**, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/02/2022 10:28:47.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO**, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/02/2022 09:44:09.

**CSV: 79FA-588E-433C-B7C7**